

# ACUDE Á MANIFESTACIÓN

**SÁBADO 22 DE NOVEMBRO. 12:00 h.**  
**ESTACIÓN DO TREN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Convocada pola Organización Galega de Comunidades de Montes (ORGACMM) e que apola FRUGA



**FRUGA**  
FEDERACIÓN RURAL GALEGA

# NON AO ROUBO DO MONTE VECIÑAL

## CONDONACIÓN DAS FALSAS DÉBEDAS DOS MONTES VECIÑAIS CON CONVENIO E CONSORCIOS.

Os montes veciñais en mao común ocupan 1/3 do territorio da Galiza (650.000 has). Están xestionados democraticamente por unhas 3.000 comunidades, que reúnen aproximadamente uns 250.000 veciños e veciñas comuneiros/as. O monte veciñal é unha seña de identidade propia de Galiza, sómente hai esta figura en Galiza e no norte de Portugal.

Na etapa franquista o monte veciñal foille roubado aos seus legítimos propietarios, os veciños e veciñas comuneiros, para ser entregado a diversas administracións públicas. Xa nos posfranquismo procedeuse á devolución, nalgúns casos incompleta, aparecendo a figura dos consorcios e dos convenios.

Os consorcios e os convenios é un acordo entre quen ten a lexítima propiedade do monte e a administración forestal, correspondendolle a esta a xestión do mesmo. A administración forestal nunca presentou as contas claras e cando se ve oblida a presentalas resulta que as e os comuneiros sempre resultan debedores da administración.

A nova lei de montes de Galiza (lei 7/2012), na súa disposición transitoria novena, di que se no mes de agosto de 2016 as comunidades que teñan os seus montes con convenios ou consorcios non pagan o saldo deudor estarán obrigadas a asinar un contrato con unha empresa forestal privada. Neste consiste o roubo legal que prepara a Xunta de Galiza do PP.

A lei de montes do estado Español (lei 43/2003) permite a condonación das débedas dos montes conveniados ou consorciados, sempre que o titular da terra se comprometa a xestionala mediante un instrumento de xestión. Non hai ningunha razón legal, xurídica e técnica que impida condonar as débedas do monte veciñal conveniado ou consorciado.

### **Demandamos da Consellería do Medio Rural e do Mar:**

- Condonación das falsas débedas dos montes veciñais con convenios ou consorcios.
- Plan orzamentario para a posta en valor dos nosos montes. Por un monte multifuncional.
- Proceder de inmediato aos deslindas de todos os montes veciñais por conta da administración.
- Reinvestimento diferenciado, atendendo ás condicións sociais, demográficas e económicas.
- Fiscalidade propia para os montes veciñais, non ao imposto de Sociedade.  
Por unha fiscalidade galega.